


PROGRAMACIÓN

XERAL

ANUAL

Curso 2009-2010



ÍNDICE

	PÁXINA
1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO	3
3.- CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN	6
4.- OBXECTIVOS DE CICLO	9
4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL	19
4.2. OBXECTIVOS DO 1º CICLO DE PRIMARIA	10
4.3. OBXECTIVOS DO 2º CICLO DE PRIMARIA	10
4.4. OBXECTIVOS DO 3º CICLO DE PRIMARIA	10
5.- PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	11
6.- COMISIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	12
7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	12
7.1. OBXECTIVOS	12
7.2. OBXECTIVOS XERAIS	13
7.2.1. DIRIXIDOS AO CENTRO	13
7.2.2. DIRIXIDOS AO PROFESORADO	13
7.2.3. DIRIXIDOS AO ALUMNADO	14
7.2.4. DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS	14
8.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA	14
9.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO	15
10.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO	15
10.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	15
10.1.1. EQUIPO DIRECTIVO	15
10.1.2. PROFESORADO	16
10.1.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	17
10.1.4. COMISIÓNS	17
10.1.5. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA	19
10.1.6. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS	19
10.1.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA	20
10.2. PERSOAL NON DOCENTE	20
10.3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	20
10.4. ESTATÍSTICA DO NÚMERO DE ALUMNOS/AS Ó COMEZO DE CURSO	20
11.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO	21
12.- VIXILANCIA NOS RECREOS	21
13.- HORARIO XERAL DO CENTRO E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN	21
14.- ORGANIZACIÓN DE TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	22
15.- ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	22
16.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	23
16.1. BIBLIOTECA	23
16.2. SAÍDAS ESCOLARES A REALIZAR NESTE CURSO	25
16.3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	26
17.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR	28
18.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	31
19.- PARTICIPACIÓN PROFESORADO EN PROXECTOS	31
20.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	31
21.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA	32
22.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS	33
23.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO (INTERNA)	33
ANEXO I (PLAN ANUAL DE LECTURA)	33
ANEXO II (QUENDAS DE RECREO)	37

1.- INTRODUCCIÓN

Neste curso 2009-2010 implántanse no terceiro ciclo de educación primaria as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica de Educación.

Comeza o curso escolar 2009-10 cunha serie de dificultades engadidas á problemática de cursos anteriores, por mor da construción do polideportivo municipal, ó que agora temos que sumar as obras de execución do patio cuberto na fachada posterior do edificio de educación primaria.

No marco do Proxecto de Dirección, o novo equipo directivo pretende conseguir un centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno mantendo unha continuidade coa traxectoria pedagóxica iniciada en cursos anteriores.

Continuamos co compromiso de potenciar a presenza da lingua galega no ensino coa incorporación dunha nova unidade de educación infantil ao “Proxecto de Potenciación da Lingua Galega” a pesares de non contar con apoio institucional.

Así mesmo, consideramos que a utilización das Tecnoloxías da Comunicación e da Información nos procedementos de xestión, ensino-aprendizaxe e comunicación poden favorecer á obtención de mellores resultados en tódolos procesos da comunidade educativa.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

2.1. Actualizar o documento que recolle os obxectivos mínimos e os criterios de promoción en educación primaria.

Ao longo dos dous últimos cursos elaboráronse as programacións didácticas de educación primaria correspondentes aos 1º e 2º ciclos de educación primaria, atendendo ao disposto no *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* así como as instrucións ditadas pola Consellería e ás observacións formuladas pola inspección educativa.

O centro conta cun documento que recolle os obxectivos mínimos por ciclos en educación primaria e os criterios de promoción nesta etapa. É preciso actualizar o citado documento adaptándoo ao disposto *Decreto 130/2007*.

Temporalización e responsables:

Partiremos do documento que temos elaborado, incluíndo as modificacións que sexan necesarias. Neste curso escolar corresponde elaborar as programacións didácticas do 3º ciclo de educación primaria.

O equipo de 3º ciclo formulará as propostas de modificación no primeiro trimestre. Durante o segundo trimestre a Comisión de Coordinación Pedagóxica será quen supervise a coherencia do mesmo para sometelo á aprobación do Claustro antes do remate do curso actual.

2.2. Revisar as programacións didácticas de educación infantil.

Coa aprobación do *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, faise preciso revisar as programacións didácticas do segundo ciclo de educación infantil.

Ademais deberanse adaptar os documentos que forman parte do expediente académico do alumnado desta etapa ao disposto na mencionada Orde de implantación e avaliación.

Deberanse incluír no Proxecto Educativo do centro aqueles aspectos que se contemplan na Orde de implantación e avaliación.

Temporalización e responsables:

Partiremos do documento existente incluíndo as modificacións precisas atendendo ás disposicións mencionadas. Será o equipo de ciclo de educación infantil o responsable de realizar as modificacións precisas.

No primeiro trimestre, antes do remate do mesmo, faranse as adaptacións e modificacións nos documentos de avaliación e información ás familias e durante o segundo e terceiro as demais modificacións a incluír nas programacións didácticas que se someterán a aprobación do Claustro e do Consello Escolar antes do remate do curso.

2.3. Avaliación de diagnóstico.

Será o día 21 de outubro, atendendo ao disposto na *Resolución do 18 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009*, cando terá lugar a primeira avaliación de diagnóstico que establece a LOE. Esta avaliación corresponderá ao alumnado escolarizado en 5º curso de educación primaria. Será preciso realizar unha nova avaliación a finais de curso ao alumnado escolarizado en 4º de primaria e para que esperamos que a Consellería estableza as disposicións oportunas.

Temporalización e responsables:

A primeira das avaliacións de diagnóstico desenvolverase seguindo a Resolución mencionada e o que estableza a Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico que se constituíu no centro coa composición que figura no punto 4. Organización pedagóxica.

2.4. Concreción anual do Plan de introdución das TIC.

O Plan de introdución das TIC elaborouse no curso pasado. Neste curso deberemos realizar a súa concreción anual, entendendo que son actuacións a realizar en varios cursos. Deberemos instalar e organizar o uso dos recursos cos que conta o centro para así tratar de que as TIC formen parte da práctica educativa diaria nas aulas do noso centro.

Faise precisa a mellora na formación do profesorado para sacar o maior proveito dos recursos dispoñibles e para a posta na práctica do contemplado no Plan de introdución das TIC. Con esta finalidade solicitarase un Grupo de Traballo e un Seminario Permanente ao CFR e ademais a Comisión de Novas Tecnoloxías ofertará actividades formativas puntuais que se soliciten, dentro das posibilidades do seus integrantes.

Temporalización e responsables:

No primeiro trimestre será a Comisión de novas tecnoloxías a encargada de realizar as actuacións precisas de instalación (con apoio técnico externo) e organización dos recursos: videoproxectores, uso de ordenadores portátiles, conectividade wi-fi dos ordenadores das aulas,...

Tamén neste primeiro trimestre o Equipo Directivo realizará as xestións precisas para a solicitude das modalidades formativas ao CFR.

Durante os tres trimestres desde a Comisión de novas tecnoloxías ofertaranse actividades formativas puntuais dirixidas ó profesorado do centro dentro das posibilidades dos seus integrantes.

2.5. Concreción anual do Plan Lector.

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro:

FUNDAMENTACIÓN

O Plan Anual de Lectura está estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, especialmente coa competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender porque promove:

- O fomento da lectura.
- O desenvolvemento da lectura progresiva e continuada desde os primeiros niveis de escolarización.
- A lectura en todo tipo de textos: literarios, expositivos, gráficos, publicitarios...; en soporte impreso ou dixital; con todo tipo de finalidades.
- A educación en información, utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, empregadas funcionalmente e de forma eficaz, comprensiva e ética.

E, por eso, que arredor destes puntos desenvolverase unha serie de actividades sistematizadas e integradas en todas as áreas do currículo e para as que se conta cun tempo mínimo de media hora de lectura diaria.

O resto dos contidos do Plan Lector figuran no Anexo a esta PXA.

2.6. Outras actuacións.

A Consellería de Educación ven de establecer un protocolo destinado a actuar preventivamente fronte a Gripe A. O centro deberá implantar as actuacións previstas no protocolo adecuándoas ás peculiaridades das nosas instalacións e seguir as directrices nel establecidas. Bótase en falta que non se contemplen as partidas económicas precisas e os medios necesarios para que as actuacións contempladas sexan posibles e efectivas.

3. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1. Revisión dos documentos legislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica estableceuse un plan de actuación marcando obxectivos de revisión, calendario, método, persoas implicadas, recursos e sistema de avaliación en relación a:

* Regulamento de Réxime Interior atendendo ao disposto no artigo 124 da LOE.

* Incorporación dos novos currículos no 3º ciclo de educación primaria atendendo ao establecido no artigo 121 da LOE.

* Eliminar a linguaxe masculina nos documentos incorporando o xénero feminino en todos os textos.

* Elaborar a Programación Xeral Anual segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

OBXECTIVO 2. Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

Difusión entre os/as profesores/as dos contidos recollidos na LOE así como das disposicións legislativas que desenvolvan a citada lei de educación, empregando a tal fin o correo electrónico e outros medios de comunicación.

OBXECTIVO 3. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Planificar as reunións necesarias pero sen caer no exceso.

* Marcar obxectivos moi definidos.

* *Discusión primeiro nos equipos de ciclo elevando propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica ou viceversa*

OBXECTIVO 4. Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.

En relación a este obxectivo cabe sinalar que a súa consecución estará en función da medida en que se vaian cumprindo os demais obxectivos, xa que son todas as actividades e proxectos que se programan nun centro educativo, así como as actitudes e os valores nas que se cre, as que van

formando a súa identidade. E esta será tanto máis forte canto máis afianzados estean os programas que se desenvolvan.

OBXECTIVO 5. Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Facilitar o traballo do Departamento de Orientación en canto á dispoñibilidade de espazos, tempos ou materiais.

* Colaborar coas propostas do Departamento de Orientación para así fomentar a participación do resto do profesorado.

OBXECTIVO 6. Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Impulsar o diálogo coas familias dos alumnos e das alumnas co fin de que asuman a importancia da súa participación na vida do centro e actitude cara á escola na propia valoración que os seus fillos e fillas fan da mesma.

* Asesoramento ás familias sobre as condutas a evitar na casa e cales incentivar.

* Elaboración dun Regulamento de Comedor vinculado ó Regulamento de Réxime Interior.

OBXECTIVO 7. Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* *Establecemento de reunións periódicas coa xunta directiva do ANPA Milnen@s, e coa representación das familias no consello escolar.*

* Realización de actividades formativas no eido das Tecnoloxías da Información e da Comunicación dirixidas a mellorar a alfabetización dixital nas familias.

OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Continuar co Seminario Permanente sobre a revista dixital.

* Creación dun Grupo de Traballo sobre o encerado dixital

OBXECTIVO 9. Respectar e cumprir e facer respectar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

* Prestar especial atención á linguaxe sexista cando se elabore calquera nota, circular, etc. dirixida ás familias. O mesmo nas circulares internas do Centro.

* Eliminar dos documentos existentes no centro a linguaxe sexista.

* Conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora prestando especial atención á sensibilización de toda a Comunidade Educativa ante esta problemática.

OBXECTIVO 10. Respectar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Incentivar a programación de actividades encamiñadas a fomentar o respecto, tolerancia, igualdade, etc. Promover a asistencia do profesorado a foros e congresos sobre estes temas.
- * Establecer un protocolo de resolución pacífica de conflitos. Facelo a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- * Conmemorar os días establecidos no calendario a estes efectos: Día da Paz, dos Dereitos Humanos... Asumir que estas conmemoracións non son días de festa senón actividades docentes que precisan un traballo previo, simultáneo e posterior á actividade en si.

OBXECTIVO 11. Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, NEE.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuación:

- * Propoñer no seno do Departamento de Orientación a organización dunha semana multicultural na que participen representantes de tódalas minorías existentes no centro.

OBXECTIVO 12. Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuación:

- * Colaborar co ENDL na campaña iniciada en cursos anteriores denominada “Galeguizando o colexio”.
- * Promover a participación en campañas de normalización lingüística promovidas desde as diferentes administracións.
- * Continuar apoiando a creación das Aulas de Potenciación do Galego en Educación Infantil.
- * Propiciar a celebración da Semana das Letras Galegas

OBXECTIVO 13. Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuación:

- * Acondicionar o espazo da biblioteca ás necesidades da comunidade educativa.
- * Potenciar o uso da biblioteca escolar como mediateca do centro educativo, facilitando o emprego de todo tipo de soportes de consulta.

OBXECTIVO 14. Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Mellorar as dotacións infraestructurais do SUM tales como a modificación e ampliación da tarima do escenario, instalación dun novo sistema de suxeición da cortinaxe, dotación dun sistema de iluminación artística.
- * Completar a protección dos sistemas de proxección.
- * Manter reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolven no SUM para propiciar o coidado das instalacións.

OBXECTIVO 15. Estudiar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

- * Ao longo do verán realizáronse actuacións para permitir o desdobre da aula de internet municipal en dous espazos para ubicar as aulas de relixión católica.

** Así mesmo realizáronse intervencións nos espazos de biblioteca e video no edificio azul para convertilos en espazos ambivalentes instalando videoproectores e pantallas duais.*

** Buscar sistemas de división vertical asequibles ós recursos económicos do centro que permitan a subdivisión dos espazos de Administración e da Aula de apoio.*

Os obxectivos 16, 17, 18 e 19 do Proxecto de Dirección están recollidos nos obxectivos xerais do centro que aparecen no punto 2 desta PXA.

A concreción anual destes obxectivos céntranse nas diferentes actividades que se pretenden desenvolver ao longo de todo o curso escolar polos diferentes ciclos e equipos de coordinación didáctica.

OBXECTIVO 20. Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno, do edificio anexo e da parte exterior.

A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:

** Substitución do depósito de combustible da caldeira do edificio principal realizada no período estival.*

** Acondicionamento do invernadoiro ao novo espazo resultante da actuación anterior.*

** Presentación dun dossier gráfico coas necesidades de melloras infraestruturais a realizar polo concello no apartado de pequenas reparacións.*

** Establecemento de reunións coas autoridades locais e da consellería de educación sobre o estado de execución e datas de finalización das obras do polideportivo e do patio cuberto.*

4. OBXECTIVOS DE CICLO

4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

O ciclo de Educación Infantil cara o curso 2009/10 propónse os seguintes obxectivos:

- Estimular a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Adquirir hábitos básicos saudables e actuar autonomamente nos espazos habituais nos que se move o alumnado.
- Continuar co proxecto de lectura.
- Dar a coñecer algunhas das actividades de educación infantil a través da revista en-liña.
- Achegamento, na medida do posible, do alumnado ás novas tecnoloxías.
- Desenvolver actitudes positivas cara á propia lingua, despertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas.
- Respectar distintos grupos sociais próximos valorando, as súas características, producións culturais, e formas de vida.
- Potenciar o desenvolvemento da linguaxe oral incidindo nos alumnos con N.A.E.
- Dedicar cada día da semana a un tipo diferente de alimento na merenda escolar.
- Acadar que todas as aulas dispoñan de papeleiras de reciclaxe.

-Adaptar a programación didáctica ao novo curriculum.

4.2. OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Incidir na necesidade de manter a atención necesaria para o desenvolvemento das actividades escolares.
- Considerar como obxectivo prioritario do Ciclo a adquisición das técnicas de lecto-escritura e de cálculo, insistindo unha vez máis na importancia da colaboración familiar.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da mellora e conservación do contorno inmediato: aula, patio, corredores, horta.... e seguir traballando na adquisición de hábitos saudables que contribúan á educación integral dos mesmos e á mellora da súa calidade de vida.
- Desenvolver hábitos de cortesía no trato cos seus/súas compañeiros/as e demais membros da Comunidade Educativa.
- Introducir ao alumnado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado na procura de desenvolver neles os valores axeitados de convivencia e humanidade.

4.3. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

- Mellorar a competencia lectora do alumnado do ciclo mediante as seguintes medidas:
 - o Desenvolver habilidades lectoras incidindo nunha comprensión e entonación adecuadas.
 - o Continuar co “Plan de lectura” por pracer.
 - o Solicitar a colaboración dos pais/nais para que os seus fillos/as lean diariamente na casa.
- Potenciar a utilización da Lingua Galega para conseguir que sexa usada como instrumento de comunicación habitual.
- Impulsar traballos de investigación nos que a biblioteca e as aulas das novas tecnoloxías sexan os principais centros de recursos.
 - Diseñar actividades destinadas a mellorar a atención dos alumnos.
 - Achegar ao alumnado ao mundo vexetal a través da Horta Escolar, facendo un seguimento dalgúns cultivos.
 - Implicar ao alumnado de forma directa e activa no respecto polas instalacións do colexio e do seu contorno.
 - Estimular o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
 - Potenciar o uso da biblioteca e o sistema de empréstitos.
 - Mentalizar ao alumnado na defensa e coidado do medio ambiente, fomentando hábitos que contribúan a unha vida saudable.

4.4. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

Ó finalizar o terceiro ciclo cómpre que o alumnado teña acadada a preparación necesaria para afrontar con éxito os cambios que lle supón a incorporación ó ensino secundario. Para lograr esta finalidade faremos especial fincapé nos seguintes obxectivos:

1.- Potenciar un ambiente de estudio e respecto para lograr unha maior atención e concentración nas actividades de aula (ter o material preparado ó inicio de cada clase, evitar accións e ruídos perturbadores: arrastres de mesas ou cadeiras, golpeteos co bolígrafo, beber auga.... manter silencio e atención ante as explicación dos docentes.

2.- Potenciar o desenvolvemento de habilidades cognitivas e estratexias de aprendizaxe facéndoos competentes no aproveitamento das novas tecnoloxías.

3.- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.

4.- Acadar un nivel axeitado de automatización na lectura e escritura. Con respecto á lectura incidiremos, entre outros, nos seguintes aspectos:

comprensión.

velocidade adecuada

entonación

En canto á escritura os aspectos priorizados serán:

velocidade

presentación

adecuación léxica

corrección sintáctica e ortográfica.

Exposición de ideas con orde e claridade nos escritos de elaboración propia.

5.- Desenvolver habilidades e estratexias para a resolución de problemas e a execución rápida do cálculo mental.

6.- Favorecer o desenvolvemento do alumnado mediante propostas que promovan a participación activa na súa aprendizaxe.

7.- Seguir a fomentar a socialización, autonomía, creatividade, espírito crítico, tolerancia, etc, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

8.- Continuar a inculcar hábitos de saúde, consumo responsable e defensa do medio ambiente que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da súa calidade de vida.

9.- En relación ao Plan Lector, dos trinta minutos diarios que hai que adicarlle, vinte minutos faranse na sesión de "Lectura silenciosa sostida". Os dez minutos restantes destinaranse a facer lectura curricular nas distintas áreas, e lectura colectiva con textos propostos polo equipo de ciclo.

5.- PLAN XERAL DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Durante este curso o obxectivo fundamental do ENDL será fomentar a valoración e emprego da Lingua Galega nos diferentes contextos e actividades da comunidade educativa.

Co fin de acadar esta meta, propoñemos os seguintes obxectivos específicos:

- Colaborar na posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro.
- Prestar apoio e asesoramento aos membros da Comunidade Educativa para promover o coñecemento, valoración e emprego normalizado do idioma galego .
- Continuar o seguimento da evolución das aulas de "Potenciación da lingua galega en E.I."

- Apoiar as iniciativas que fomenten a divulgación dos diferentes aspectos da nosa cultura e seguir favorecendo, na medida do posible, o contacto d@s alumn@s con persoas relevantes da cultura e literatura galega.
- Fomentar un maior emprego do galego nas diferentes actividades da vida escolar (actuacións, festas...) así como a mellora das competencias lingüísticas dos membros da comunidade educativa.
- Continuar fomentando a formación de grupos de teatro en galego entre @s alumn@s do centro.
- Cooperar na celebración das festas tradicionais (Magosto e Entroido) e promover o festival de celebración das Letras Galegas.
- Continuar co proxecto de dar a coñecer os nomes en galego dos elementos do contorno escolar.
- Dar continuidade ao proxecto de divulgación e recuperación de xogos tradicionais galegos.
- Colaborar co equipo da biblioteca no fomento do uso do galego a través da adquisición de material bibliográfico e audiovisual.
- Traballar en estreita colaboración co equipo das TICs para o fomento do coñecemento e uso do noso idioma, así como a divulgación da nosa cultura, a través das Novas Tecnoloxías.

6.- COMISIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

OBXECTIVOS

- Potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar o uso das TIC no alumnado como medio de apoio e reforzo na súa aprendizaxe.
- Impulsar o uso das TIC como medio de comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.
- Mellora-la alfabetización dixital na comunidade educativa.
- Actualización e mantemento da web dinámica do colexio e da revista en-liña.

ACTIVIDADES

- Realización de actividades divulgativas no eido das TIC, dirixidas á elaboración dun Plan de Formación válido para os diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Constitución dun Seminario Permanente sobre a revista en-liña do colexio.
- Creación dun Grupo de Traballo sobre o encerado dixital.
- Potenciación do uso do XADE (Xestión Académica de Centros) entre o profesorado.

7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

7.1. Obxectivos.

No marco do proxecto do departamento de orientación, elaborado para desenvolvelo a longo prazo, priorizamos, para este ano, os seguintes **obxectivos**:

*** Asesorar e orientar ó alumnado, ó profesorado e ás familias para colaborar na millora da calidade do ensino.**

*** Apoiar ós procesos de ensino-aprendizaxe, a través da colaboración co profesorado:**

1. No desenvolvemento do “Plan de Convivencia do Centro”.
2. Na identificación das competencias e dificultades do alumnado de Infantil e de Primaria con necesidades educativas especiais, concretando as pautas de actuación, as medidas para a súa atención, os recursos necesarios e o establecemento de criterios para a determinación das medidas educativas extraordinarias (adaptacións curriculares,...) e levar a cabo a intervención educativa.
3. Na reflexión conxunta co profesorado, en relación ó alumnado de alta capacidade, de cara a elaborar unha resposta axeitada para estes alumnos/as.
4. Na relación e coordinación cos servizos e institucións que presten unha atención socio-educativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención multiprofesional.
5. No asesoramento e busca de “recursos” para a posta en práctica do labor docente.
6. No proceso de avaliación formativa do alumnado e de información ao alumnado e ás familias.
7. Na coordinación co departamento de orientación do I.E.S. Salvador de Madariaga, centro ó que estamos adscritos.

7.2.- OBXECTIVOS XERAIS

7.2.1- DIRIXIDOS AO CENTRO:

- * Participar e colaborar activamente coma membros no Claustro, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e nas comisións ás que nos adscribamos respectivamente.
- * Participar nas xuntanzas de seguemento e coordinación semanais no D.O.
- * Participar activamente no programa Lectura silenciosa sostida
- * Transmitir á administración as necesidades urxentes de persoal especialista en A.L.

7.2.2.- DIRIXIDO AO PROFESORADO:

* Participar na identificación, conxuntamente cos mestres e mestras titores e co resto dos membros do D.O. do centro, das necesidades educativas especiais e de linguaxe que poda presentar o alumnado ao longo do curso.

* Manter unha coordinación e comunicación fluída entre os mestres do departamento e os mestres/as titores ou os especialistas como garantía dunha liña de actuación común e de traballo coordinado; seleccionando os materiais curriculares e adaptándoos aos alumn@s con n.e.a.e, para realizar as medidas que prevee a lexislación vixente para as necesidades específicas de cada alumn@.

* Cooperar e colaborar na elaboración, seguimento e avaliacións das adaptacións curriculares.

* Ofertar apoio xeral, asesoramento e recursos materiais dispoñibles ao profesorado que atenda ao alumnado con n.e.a.e

* Orientalos no coñecemento e uso de estratexias de procedementos máis acordes coas necesidades reais dos nenos e nenas.

* Informar da evolución do alumnado con n.e.a.e. mediante charlas e fichas de seguimento do apoio.

* Asistir e participar nas xuntanzas avaliativas de ciclo ofrecendo o noso apoio e asesoramento sobre aspectos relativos ao alumnado con n.e.a.e.

7.2.3.-DIRIXIDO AO ALUMNADO:

* Apoiar directamente ao alumnado con n.e.a.e. nos seus procesos de aprendizaxe, usando medidas organizativas (espazos / tempos / materiais) e curriculares (RE / AC /ACI) diversas, para cada caso concreto e na medida en que o permita a dispoñibilidade de persoal especialista co que contamos na actualidade.

* Elaboración de material para intervir nas diferentes dificultades (fala e linguaxe, atención, razonamento, lecto-escritura....)

* Intervir sobre o alumnado estranxeiro que amose dificultades no coñecemento da nosa lingua, cultura e tradicións.

* Procurar a asistencia a clase.

* Axudar a adquirir hábitos de hixiene, limpeza e orde.

* Promover e procurar o establecemento dun clima pedagóxico de ensinanza-aprendizaxe distendido, motivador, significativo, estruturado e funcional, que repercuta positivamente no desenvolvemento persoal: lingüístico, cognitivo, afectivo e social de cada nen@ e ao mesmo tempo permita e mellore a convivencia pacífica de todo o centro.

7.2.4.- DIRIXIDO ÁS FAMILIAS:

* Propiciar a participación activa e a implicación das familias na vida educativa e académica dos nen@s a través de actividades bidireccionais, entrevistas, reunións conxuntas ou individuais, encontros, festividade...

* Intercambiar información dos alumnos/as sobre: comportamentos, hábitos de estudo, traballo e hixiene...

* Procurar as mesmas liñas de actuación respecto das regras e normas de comportamento, de estudo e de traballo.

* Favorecer a relación familia- escola.

* Informar ás familias da evolución educativa e persoal dos seus fillos e fillas.

•Asesoramento ás familias sobre actitudes, estratexias, recursos... encamiñados á optimización das intervencións educativas.

8.- OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.

OBXECTIVOS

-Continuar co desenvolvemento do Observatorio iniciado no curso 2007/08.

-Búsqueda de propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do observatorio.

- Tentar dar resposta ás necesidades educativas do centro detectadas polo observatorio en anos anteriores.
- Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo.

9.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

A lentitude na finalización das obras de construción do pavillón polideportivo do concello, así como o inicio durante o verán da construción do patio cuberto, pola Consellería de Educación e O. U., repercuten negativamente no desenvolvemento da vida escolar, ó reducirse notoriamente os espazos deportivos exteriores e obrigarnos á realización dunha dobre quenda de recreo no tempo de execución das obras. Así mesmo a carencia dun pechamento definitivo do centro escolar provoca continuos desperfectos por vandalismo nas instalacións deportivas exteriores.

O inadecuado sistema de pechamento instalado nas pistas polideportivas exteriores, están a crear unha grave problemática de seguridade no control do acceso de persoas allea ao centro así como do control do alumnado nos tempos de lecer e nas clases de educación física.

En canto á mellora das infraestruturas existentes necesitaríase:

- Eliminación das barreiras arquitectónicas en todo o recinto escolar.
- Portas de emerxencia no edificio de educación infantil.
- Instalación dun ascensor no edificio de educación primaria.
- A instalación dun sistema tipo vídeo-porteiro no acceso ao edificio de educación infantil desde a rúa.
- Completar a dotación informática en tódalas dependencias do colexio.
- Dotar dun pavimento tipo “tatami” no chan nas aulas do primeiro ciclo de primaria.
- Renovar o sistema de electrificación de todo o centro, tendo en conta que, por exemplo, as luces de emerxencia non funcionan.
- Reposición de tapas nos WCs do alumnado.
- Revisión e arranxo das fendas aparecidas nos edificios como consecuencia das obras de construción do polideportivo e do patio cuberto.

10.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO

10.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

10.1.1.EQUIPO DIRECTIVO

Director: D. José Manuel García Yanes

Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo

Secretario: D. Antonio Castiñeira Vázquez

O equipo directivo, tras presentar proxecto de dirección e ser seleccionado pola comisión avaliadora foi nomeado con data 1 de xullo de 2009 por un período de catro cursos escolares.

10.1.2.PROFESORADO

EDUCACIÓN INFANTIL

- 4º Educación Infantil – Grupo A: Dª Joaquina Rodríguez Moreira
4º Educación Infantil - Grupo B: Dª Mª Carmen Cruz Ceide
4º Educación Infantil - Grupo C: Dª Consuelo Beiroa Fraga
5º Educación Infantil - Grupo A: Dª Ana Álvarez García
5º Educación Infantil - Grupo B: Dª Mª Aurora Candal Miranda
5º Educación Infantil - Grupo C: Dª Teresa Bernedo Vilor
6º Educación Infantil - Grupo A: Dª Mª Josefa Fernández Santiso
6º Educación Infantil - Grupo B: Dª María Mar Santiago Arca
6º Educación Infantil - Grupo C: Dª Mª Victoria Mantiñan Canzobre (Coordinadora de Ciclo)
Apoyo 1: Dª María José Rodríguez Rodríguez
Apoyo 2: Dª Mª Pilar Sánchez Martínez
Apoyo 3: Dª Mª Angeles Pérez Fernández

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

- 1º A: Dª Estrella Guillán García
1º B.: Dª Mercedes Martínez Calvo
1º C: Dª Mª Carmen Mera Ben
2º A: Dª Mª Carmen Mazaira Olveira
2º B: D. José Antonio Rico Sánchez
- Substituta: Dª Alexandra Campos Vázquez
2º C: D. Sergio Lozano Guitián (Coordinador de Ciclo)

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

- 3º A: D. Horacio Vázquez Boedo
3º B: Dª Mercedes Álvarez Montans (Substituto: D. David Fernández Carril)
3º C: Dª Ana María López Pardo
4º A: Dª María Elena Sánchez Seoane (Coordinadora de Ciclo)
4º B: D. Salvador Espiñeira Riveiros
4º C: Dª Mª Teresa Gavín Bouso

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

- 5º A: Dª Mª Teresa del Valle Chousa
5º B: Dª Mª José Ferrer Varela
5º C: Dª Mª Concepción García Diéguez
6º A: Dª Mª Carmen Santos Iglesias (Coordinadora)
6º B: D. Antonio Castiñeira Vázquez
6º C: Dª Mª José Cabado López

ESPECIALIDADES

Pedagogía Terapéutica 1:	D ^a Encarnación Entonado Marín
Pedagogía Terapéutica 2:	D ^a M ^a Jesús López Vila
Pedagogía Terapéutica 3:	D ^a Nuria Pereira Fontán
Audición e Linguaxe:	D ^a María Boado Valiño
Educación Compensatoria:	D ^a Silvia Betanzos Tajés
Educación Musical 1:	D ^a M ^a Nieves Villar Garrote
Educación Musical 2:	D. Pedro de Uña Álvarez
Educación Física 1:	D. José Manuel García Yanes
Educación Física 2:	D. José A. Borrajo Menor
Educación Física 3:	D ^a Raquel López Manteiga
Filoloxía Inglesa 1:	D ^a M ^a del Carmen Roel Rodríguez (Substituta: D ^a Natalia Varela Batista)
Filoloxía Inglesa 2:	D ^a M ^a Carmen Vázquez Casanova
Filoloxía Inglesa 3:	D ^a Rosa M ^a Fernández Sánchez
Relixión Católica 1:	D ^a M ^a José Lago Petisco
Relixión Católica 2:	D ^a Susana Doval Rodríguez
Relixión Evanxélica:	D ^a Hilda Ramos Vázquez

ORIENTADORA

D^a M^a Montserrat Erasquin Salazar.

10.1.3.DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- D. Horacio Vázquez Boedo (Xefe de Estudios)
- D^a Montserrat Erasquin Salazar (Orientadora)
- D^a Encarnación Entonado Marín (P.T.)
- D^a M^a Jesús López Vila (P.T.)
- D^a Nuria Pereira Fontán (P.T.)
- D^a María Boado Valiño (A.L.)
- D^a Silvia Betanzos Tajés (Compensatoria)

10.1.4.COMISIONS

COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

- D. José Manuel García Yanes (Director)
- D. Horacio Vázquez Boedo (X. Estudios)
- D^a M^a Victoria Mantiñan Canzobre (Coordinadora 2º Ciclo EI)
- D. Sergio Lozano Guitián (Coordinador 1º Ciclo EP)
- D^a M^a Elena Sánchez Seoane (Coordinadora 2º Ciclo EP)

- D^a M^a Carmen Santos Iglesias (Coordinadora 3º Ciclo EP)
 - D^a Encarnación Entonado Marín (P.T.)
 - D^a M^a Jesús López Vila (P.T.)
 - D^a Nuria Pereira Fontán (P.T.)
 - D^a María Boado Valiño (A.L.) / (Coordinadora ENDL)
 - D^a Silvia Betanzos Tajés (Compensatoria)
 - D^a Montserrat Erausquin Salazar (Orientadora) (Comisión de biblioteca)
- Secretaria: D^a Silvia Betanzos Tajés (Compensatoria)

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- D^a Consuelo Beiroa Fraga
- D^a María Boado Valiño (Coordinadora)
- D^a Victoria Mantiñán Canzobre
- D^a Teresa Bernedo Vilor
- D^a M^a Carmen Mera Ben
- D. Horacio Vázquez Boedo
- D^a M^a Elena Sánchez Seoane
- D^a M^a Carmen Vázquez Casanova
- D^a Nuria Pereira Fontán
- D^a M^a Nieves Villar Garrote
- D. Manuel Jesús Boquete Pérez (Persoal non docente)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- D^a M^a Carmen Cruz Ceide
- D^a Ana Alvarez García
- D^a José Antonio Borrajo Menor (Coordinador)
- D. Pedro de Uña Álvarez
- D^a Estrella Guillán García
- D^a M^a Encarnación Entonado Marín
- D^a M^a Concepción García Diéguez
- D^a M^a Angeles Pérez Fernández
- D^a Susana Doval Rodríguez

BIBLIOTECA

- D^a M^a Carmen Mazaira Olveira (Coordinadora)
- D^a M^a Aurora Candal Miranda
- D. Joaquina Rodríguez Moreira
- D^a M^a José Fernández Santiso
- D. José Antonio Rico Sánchez (Substituta: D^a Alexandra Campos Vázquez)
- D^a Mercedes Martínez Calvo

D. Salvador Espiñeira Riveiros
D^a M^a Pilar Sánchez Martínez
D^a M^a Teresa del Valle Chousa
D^a M^a José Lago Petisco
D^a Hilda Ramos Vázquez
D^a M^a José Ferrer Varela
D^a M^a Carmen Roel Rodríguez
D^a Montserrat Erausquin Salazar

COMISIÓN TIC

D. José Manuel García Yanes (Coordinador)
D^a María José Rodríguez Rodríguez
D^a Mar Santiago Arca
D. Sergio Lozano Guitián
D^a Raquel López Manteiga
D^a Mercedes Álvarez Montans
D^a M^a Carmen Santos Iglesias
D^a M^a Teresa Gavín Bouso
D^a M^a José Cabado López
D. Antonio Castiñeira Vázquez
D^a Rosa M^a Fernández Sánchez
D^a Ana M^a López Pardo
D^a M^a Jesús López Villa
D^a Silvia Betanzos Tajés

10.1.5. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

Director: D. José Manuel García Yanes
Xefe de Estudos: D. Horacio Vázquez Boedo
Representantes do profesorado:
 D^a Teresa del Valle Chousa
 D^a M^a Carmen Cruz Ceide
 D^a M^a José Cabado López
 D^a M^a Carmen Mera Ben (Secretaría)
Representante das familias: D^a M^a Elena Ramos García
Responsable de coeducación: D. Arturo Ameneiro Cerviño
Orientadora: D^a Montserrat Erausquin Salazar
representante do persoal non docente: D. Manuel Boquete Pérez
Representantes do alumnado (pendentes de nomeamento)

10.1.6. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS

Coordinadora Biblioteca Escolar: D^a M^a Carmen Mazaira Olveira
Coordinador TIC: D. José Manuel García Yanes.
Coordinadora do Proxecto Voz Natura: D^a Teresa del Valle Chousa
Responsable da Comisión da Igualdade: D. Arturo Ameneiro Cerviño

10.1.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

- D. José Manuel García Yanes (Director)
- D. Horacio Vázquez Boedo (X. Estudos)
- D^a Montserrat Erausquin Salazar (Orientadora)
- D^a Concepción García Diéguez (Titara de 5^o curso de educación primaria)

10.2. PERSOAL NON DOCENTE

Conserxe: D^a Marina Lorenzo Fernández
Auxiliar Administrativo: D. Manuel Jesús Boquete Pérez
